



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 02/12/2017.**

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
Dª María Amparo Calvo González.
D.Jesús Manuel Soto Vivero.
D.Manuel Beceiro Couce.
Dª Sabela Iñiguez Cinza.
Dª Ana Belén Breijo Gundín
D. Manuel Romero Castrillón
Dª María Belén Trigo Meizoso
Dª Yolanda Váquez Pazos.

Concelleiros ausentes:

Dª Cristina Calvo Tuimil.

Secretaria en funcións:

Dª Mónica Cibreiro Caneiro.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e tres minutos do día dous de decembro de dous mil dezasete, comparecen os Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presencia da devandita Secretaria en funcións, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA CRISTINA CALVO TUIMIL.

Non estando presente a Concelleira electa, que foi convocada para a presente sesión, non resulta posible a súa toma de posesión, que se incluirá tamén na Orde do Día da vindeira sesión plenaria que se celebre, polo que o Sr. Alcalde ordea pasar ó debate do seguinte punto da Orde do Día, o que seguidamente se fai.

SEGUNDO. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2016.

Dase conta que unha vez exposta no B.O.P. sen haber alegacións, procede aprobar a Conta Xeral do ano 2016

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acordan aprobar a Conta Xeral de 2016.



TERCEIRO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº08/2017.

Dase conta polo Sr. Soto dicindo que é un expediente de modificación de créditos. É un crédito extraordinario con incorporación de remanentes de tesoureira, un expediente de modificación que é consecuencia do resultado da Conta Xeral que acabamos de ratificar, onde incorporamos 230.000 euros ó orzamento corrente do ano 2017 para levar a cabo dous investimentos, un de aproximadamente 200.000 euros que ten que ver coa pavimentación de diversos camiños municipais por todo o Concello, e un proxecto de 30.000 euros para levar a cabo obras urxentes de conservación e mantemento en diversos locais sociais do Concello.

O Sr Romero, di que parten da base de que cree que as pistas municipias necesitan mantemento urxente, pero non de calquera forma. Non podemos presumir que temos un concello con moito remanete, porque se nun concello se produce tanto remanete ano tras ano e por unha falta de boa xestión. Creemos que os cartos hay que gastalos cando teñen que gastarse. Temos o informe do Secretario adxunto da Deputación onde di que se aproba esta modificación, conleva ó Concello a incumplir o principio de estabilidade de gasto así como a regra de gasto. Tamén pide un informe do interventor municipal que non existe. Polo que consideramos que esta forma de actuar non é correcta.

Eu propónolle deixalo enriba da mesa ata que se incorpore o Secretario.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, sete do BNG e un do PSOE, e dous votos en contra dos concelleiros presentes do PP, apróbase o expediente de modificación de créditos nº08/2017

CUARTO. APROBACIÓN ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2018.

O Sr Soto di que un ano máis traemos unha proposta do orzamento municipal, pero ó contrario que os últimos anos preséntase en tempo e forma para poder ser executable dende o primeiro día do ano.

No ano 2017 aprobouse un orzamento con superhabit de 40.000 euros para poder cumplir co que comentabamos da estabilidade presupuestaria e a regra de gasto que impón o Ministerio de Facenda.

A presente proposta preséntase coas mesmas cantidades totais en ingresos e gastos, medrando con respecto ó 2017 nun 2,74% en ingresos e nun 4,3% en gastos, alcanzando a cifra global de 2.810.000 euros. En canto ós ingresos destacamos o maior peso dos ingresos improprios que dos propios nunha proporción de 65 a 35 que podería ser maior se existise no estado español unha financiación local más xusta e equitativa en función do custo real dos servizos.

Polo que respecta ós gastos hai unha previsión moi prudente de contención, manténdose o peso relativo de cada un dos capítulos de gasto en termos similares ó exercicio anterior, so se incrementa un 8% o capítulo de gasto corrente, como consecuencia da imposición a que nos vemos sometidos para fazer fronte ós gastos de mantemento do Centro de Día, cunha cantidade cercana ós 50.000 euros, e tamén para empezar a devolución dos préstamos do PAI da Deputación que son 26.000 euros anuais durante os próximos 10 anos. Tamén ese incremento e consecuencia das medidas de incremento da enerxía eléctrica anunciadas nas datas pasadas.



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Dentro do gasto corrente destacar os máis de 500.000 euros que se consignan para antender a asistencia social primaria, o que nos coñecemos como servizos sociais e de benestar, o que se acerca case un 20% do peso relativo no noso orzamento.

Medran tamén as partidas de cultura e deportes e prevese un esforzo na contención do gasto en cuestiós de mantemento de infraestructuras e instalacións municipais.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos do BNG, dous votos en contra do PP e unha abstención do PSOE, apróbanse os orzamentos para o 2018.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e dez minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretaria Accidental certifico.

O ALCALDE,

A SECRETARIA EN FUNCIÓN,

